Carrizal

ÉPOCA II - Nº 13 maio/xuño 2022

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués



Luis Dorado Senra

POR UN BAIXO MIÑO MÁIS VERDE E MELLOR CONSERVADO
ASOCIACIÓN NATURALISTA BAIXO MIÑO
ANABAM

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente……Agustín Ferreira Lorenzo

Vicepta…….Araceli Ozores Peixoto

Secret….Mª Consuelo González de Dios

Tesoureiro…Manuel A. Pombal Diego

Vogais… Luís Dorado Senra

Noé Ferreira Rodríguez

Salvador Rodríguez Muñoz

Suplentes

Carlos Angílica Entenza

Silvia Bautista Salgueiriño

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego

Tomás García-Caballero

EDITA

ANABAM

Calvario-44-baixo

36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557

Messenger

Facebook

Correo electrónico:

anabam.anabam@gmail.com

WEB: www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o seu contido.

CUOTAS ANO 2022

Establécense as seguintes cuotas:

Socio normal: 40 €

Socio familiar:

1º Socio: 40 €

Resto dos socios familiares: 5€/cada un.

Porque a NATUREZA nos necesita, necesitamos de TI

SE NON ERES SOCIA/O DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 35 €

Foto portada: *martiño peixeiro (Alcedo athis).* Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020

Feito en papel reciclado

OS CUNCHEIROS DE SANTA TREGA




Sector Mergelina.

Texto e fotos **Antón Ferreira Lorenzo**

Entre o século IV a. de C. (sector de Mergelina, na aba leste, que mira a Portugal) e mediados de século I d. de C. (sector de Calvo, aba oeste) dátase a ocupación do Castro de Santa Trega, preto do cumio; e, entre os séculos IV e II, a. de C., adscríbese o castro da Forca, na parte máis baixa do mesmo monte, onde se inicia a estrada. Polo tanto, máis de 2.000 anos teñen os distintos cuncheiros do "Monte".

Para falar da economía castrexa, referida ao Santa Trega, temos que deternos nos achados das diferentes escavacións levadas a cabo neste xacemento, desde a primeira, baixo a dirección de Ignacio Calvo Sánchez, no 1914, ata, de momento, as últimas, baixo as direccións de Rafael Rodríguez, reescavando o sector de Mergelina (2015-2016), e Brais Currás, o cuncheiro da Porta Sur (2019); pasando polas campañas de Cayetano de Mergelina, Manuel Fernández Rodríguez e Antonio de la Peña Santos, e os traballos de limpeza e consolidación de diferentes construcións, dirixidos por Alfredo García Alén.

Sen dúbida, o estudo dos cuncheiros de Santa Trega, os vertedoiros daquela época que acumulan, entre outros restos, ósos, dentes, espiñas e cunchas sobre todo, van pro-



Sector Calvo



Castro da Forca

Carretera de acceso al Monte

porcionar unha información fundamental respecto da alimentación dos castrexos, dando lugar a estudos e traballos de divulgación como, entre outros, os de Ignacio Calvo Sánchez. "*Monte de Santa Tecla en Galicia*", memoria publicada pola "Junta Superior de Excavaciones y Antigüedades", Madrid, 1924; Julián López garcía, *"La Citania de Sta. Tecla o Una Ciudad prehistórica desenterrada". 1927.* Reeditada: Imprenta Guardesa, 1976; José Manuel Vázquez Varela, *"Estudio del conchero protohistórico de las Islas Cíes. Vigo",* 1975; Lalo Vázquez Gil, "*Mariscada en la Prehistoria*" Faro de Vigo. 20 marzo 1983; e Carlos Fernández Rodríguez e Carlos Rodríguez López, *"Nuevos datos acerca de los recursos económicos del poblado castreño de Santa Trega (A Guarda, Pontevedra)",* Galaecia 14/15, separata, 1996.

Camposancos

Ata sete cuncheiros coñécense no Trega; outro máis en Saa (Camposancos) e outro no colexio dos Xesuítas da Pasaxe (Camposancos).

En 1925 o xesuíta Eugenio Jalhay descobre, tras roturarse a estrada de Camposancos, o cuncheiro de Saa, que o profesor Manuel Fernández, en 1955, chegou a relacionalo cun asentamento castrexo neste lugar, algo que "se confirmaría" máis recentemente, en



Restos de cunchas retiradas do cuncheiro da Porta Sur para o seu estudo



Cunchas que se deixan ver nun dos cuncheiros de Santa Trega.



Colexio dos xesuítas da Pasaxe.

virtude de diferentes construcións, entre elas a chamada "urbanización de Saa", atopándose restos arqueolóxicos, como sepulturas realizadas con tégula; un forno romano, que quedou incorporado, interiormente, a unha edificación, e paredes de construción posiblemente castrexa. O principal material que cataloga Jalhay é a *Patella vulgaris* (así a cita), caramuxas, *Littorina littorea*, e *Trochus lineatus*.

En agosto de 1929, Eugenio Jalhay xa acredita a existencia doutro cuncheiro "*nun dos patios de recreo do Colexio dos Pais Xesuítas portugueses de Pasaxe de Camposancos*", citando de novo a presenza de especies como caramuxas, *Littorina littorea* e *Trochus lineatus*.

Santa Trega

A primeira referencia dos cuncheiros débese a Obermaier, que localizou un cuncheiro no que encontrou, ademais das cunchas, anzois. O arqueólogo Ignacio Calvo, primeiro director das escavacións no Trega, realizadas entre 1914 e 1923, dá a coñecer en "*Monte de Santa Tecla en Galicia*", o Gran Cuncheiro da Porta Sur, que o retrotrae á primeira Idade do Bronce. Este "Gran Cuncheiro", destaca polas súas impresionantes dimensións: contén varias toneladas de desperdicios, maiormente cunchas -de aí o seu nome- que se manteñen en xeral en bo estado debido á propia composición, pois a acidez do solo impide a conservación doutros restos biolóxicos: "*con una longitud de unos quince metros, por cuatro de ancho, su filón es tan potente que no exageramos si decimos que lo constituyen muchas toneladas de conchas*", escribía na obra mencionada con anterioridade Ignacio Calvo. López García, en 1927, aporta unha maior información deste cuncheiro ao mencionar a presenza de especies como mexillón, *Mytilus edulis*; lapas, *Patella vulgata*, e caramuxas, *Littorina littorea* e *Trochus lineatus*.


Caramuxas (*Littorina littorea*)


Mexillón (***Mytilus edulis***)

Calvo clarexa a orixe do nome que se empregaba para denominar estas acumulacións de cunchas:



Anzois expostos no Museo Arqueolóxico

"*Kjoekkenmoeddigs, de origen escandinavo, significa resto de cocina, y como es de tan difícil pronunciación, el Dr. Obermaier es de opinión que debe substituirse por la de conchero, por cuanto esos depósitos están formados en su mayor parte, por conchas de diversos moluscos*".

Especies

Na depredación sobre os recursos mariños da costa, destacan as lapas ou lamparóns *Patela spp.*; mexillón, *Mytilus edulis*, moi fragmentado; percebe, *Pollicipes pollicipes*, identificados polos restos de "caruñas" ou unllas; ourizos, *Paracentrotus lividus*, aínda que estes en menor cantidade; e as caramuxas como *Gibbula obliquata, Littorina littorea*, *Monodonta lineata* e *Trochus lineatus*, de tamaño superior ás de hoxe en día. Captúranse sobre as rochas batidas ou semibatidas polo mar. As características dalgúns dos exemplares capturados, indican que os castrexos acudían a zonas incluso moi batidas, cando as mareas e o estado do mar posibilitaban a súa captura. Tamén se localizaron fragmentos de crustáceos, como diferentes restos de cangrexos.

O achado de anzois de bronce, que se poden ver no Museo Arqueolóxico de Santa Trega, xunto cos restos de espiñas, otolitos e ósos do cranio, recollidos na "escombreira" castrexa, dítannos as especies capturadas polos castrexos de Santa Trega. Especies como a chaparella, *Diplodus vulgaris*; maragota, *Labrus bergylta*; robaliza, *Dicentrarchus labrax*; fanecas ou abadexo, *Gadida* sp.; lubina, *Morone labrax*; muxo, *Mugil cephalus*; xurelo, *Trachurus trachurus*; pargo, *Pagrus pagrus*; sargo, *Diplodus sargus*; merluza, *Merluccius merluccius*, e a dourada, *Sparus auratus*, son algunhas das especies presentes nos cuncheiros. Ademais, as espiñas tiveron unha funcionalidade decorativa, presionán-



Poutadiñas

doas sobre a arxila branda das vasillas.

A pesca nas costas galegas, aseguraba o poeta Marcial, era abundante e as capturas de gran tamaño. Os castrexos pescaban utilizando liñas desde as rochas, pero tamén, como explican outros autores clásicos, empregaron redes, incluso as poutadiñas (cantos rodados de diferentes tamaños, con escotaduras enfrontadas), que aínda que posiblemente se empregaron no afiado para elaborar vestidos, puideron tamén ser utilizados como pesos de redes. Rufo Festo Avieno e Plinio mencionan a utilización de botes, construídos con peles, e Estrabón o emprego doutras embarcacións construídas con troncos de árbores.



Sargo



Maragota

A GUARDA
RUTA DAS CETARIAS



Fig. 1



Fig. 2

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

A **Ruta das Cetarias**, na costa guardesa, está formada por un tramo de catro quilómetros, que permite ao camiñante contactar coa paisaxe e coa natureza propia do litoral.

Percorrendo este traxecto, pódese sacar un grande partido das posibilidades que ofrece esta ruta ao camiñante. Convén facela coa **marea baixa**. Se so-


Fig. 3

mos curiosos, se imos sen presas, se queremos gozar das amplas posibilidades desta ruta, o mellor é tomarse a cousa con calma, porque deberemos deternos a observar, a gozar da tranquilidade dos sons das ondas batendo contra os rochedos, de fotografar aquilo que pode parecernos interesante, empezando polas propias cetarias, pasando pola flora, a biodiversidade das pozas mariñas, a paisaxe, as postas de sol, etc.

Este artigo non é máis que unha suxestión das moitas posibilidades que atopamos ao percorrer a Ruta das Cetarias.

A duración do itinerario dependerá de si nos detemos nos diversos aspectos que iremos atopando ou, simplemente, decidimos camiñar. Neste último caso, dado que son uns catro quilómetros, oito entre ida e volta, podemos facelo aproximadamente en dúas horas. Con todo, repetimos, o mellor é camiñar, deterse, sentarse, observar, fotografar, volver andar… En cada cetaria temos información sobre ela, pois cadansúa dispón duns paneis informativos, adaptados, mesmo, para os invidentes.


Fig. 4




Fig. 5

Iniciaremos o percorrido dende a **cetaria de A Grelo** (Fig. 2), a 500 m do porto da Guarda, continuamos bordeando a costa ata chegar á **cetaria do Portiño** (Fig.3), a 1,7 quilómetros da anterior, logo de percorrer 3 quilómetros máis, estaremos na **cetaria Redonda** (Fig. 4) e, a 150 metros desta, chegaremos á última, a **cetaria Altiña** (Fig. 4).

PRIMEIRO TRAMO (Fig.2)**: Muíño de A Grelo-Paseo marítimo**
Lonxitude aproximada: 800 metros

ELEMENTOS A OBSERVAR:

Muíño da Grelo.....Frecha amarela inferior (Fig. 7).
Cetaria da Grelo...Frecha vermella.
Praia Carreiro.....Frecha amarela superior.
Porto da Guarda
-Embarcacións de pesca.
-Lonxa de Peixe.
-Peirao.

SEGUNDO TRAMO (Fig. 3)**: Paseo marítimo-Praia Area Grande**
Lonxitude aproximada: 1400 metros

ELEMENTOS A OBSERVAR:

Museo do Mar.....Frecha amarela inferior.
Cetaria do Portiño.....Frecha vermella.
Praia Fedorento.....Frecha amarela central.
Praia Area Grande.....Frecha amarela superior.

TERCEIRO TRAMO (Fig. 4)**: Praia Area Grande-Casa "Angelito Lomba".**
Lonxitude aproximada: 1400 metros



Fig. 6

ELEMENTOS A OBSERVAR:
Cetaria redonda e cetaria Altiña
.....Frecha amarela inferior.

Cetária da Grelo (Fig. 6), ao igual que as demais cetarias, utilizábase para gardar o marisco. Ao estar localizada na zona intermareal, o acceso ao seu interior dependía das mareas polo que só era posible acceder durante a baixamar. Por suposto que con temporal o acceso era máis limitado. Deste xeito, a súa operatividade era relativa.

Na década dos setenta construíronse viveiros en terra, nuns casos aproveitando a planta baixa dos edificios e noutros construíndo naves expresamente dedicadas a viveiros, polo que as condicións tanto de traballo como de mantemento dos crustáceos melloráronse notablemente, incrementándose a súa produción.

Hoxe estas estruturas forman parte do patrimonio local guardés.

Achegarse ata as cetarias equivale achegarse tamén á natureza mariña. Por pouco curiosos que sexamos, veremos nos seus arredores das mesmas un sen fin de formas de vida que nos dá idea da riqueza que esconden os innumerables recunchos da franxa intermareal.



Fig. 7

Cetaria do Portiño (Fig. 8), situada a poucos metros do porto da Guarda, fronte ás escolas de Solanas.

Ten un perímetro aproxi-



Fig. 8

mado de 40 metros e unha superficie duns 115 metros cadrados.

Próximo á praia da Area Grande, atopamos o **camiño do carro** (Fig. 9), onde se poden apreciar as rodeiras dos miles de carros que pasaron por este sendeiro, uns en dirección ás leiras, outros para ser cargados co argazo. Estamos indo por un sendeiro peonil, perfectamente habilitado para permitir un cómodo desprazamento pola Ruta das Cetarias. Este corresponde ao tramo que vai dende a Area Grande ata Laxe de Can (Fig. 4), que é o final do percorrido.

Interior da **cetaria Redonda** (Fig. 10) e, ao fondo, a chamada casa de Angelito Lomba,



Fig. 9



Fig. 10

no seu baixo construíuse o primeiro viveiro de marisco da Guarda, hoxe desaparecido ao reformar a casa hai unhas décadas.

A **Cetaria Altiña** (Fig. 11), atópase a poucos metros da Cetaria Redonda. Marca o final desta ruta. É a maior de todas elas. Na actualidade conserva parte do teito.

A medida que a marea vai subindo, tódalas cetarias quedarán mergulladas totalmente.



Fig. 11

Rematamos este percorrido, agradecendo á Confraría de Pescadores da Guarda, o interese que puxo na posta en marcha deste routeiro, unha forma positiva e, sobre todo, sostible, de aproveitamento dos recursos que ten A Guarda, sen necesidade de grandes infraestruturas nin de impactantes transformacións que agredan o territorio; por iso van os nosos parabéns a esa entidade mariñeira.



Fig. 12



Presencia de andoriña dáurica (Cecropis daurica) no municipio de Tui

O presente artigo corresponde ao traballo de prácticas do estudante de Máster en Biodiversidade Terrestre da UVIGO, Adrián Fernández Venade, desenvolvido durante as súas prácticas externas en ANABAM entre o 13 e o 30 de abril do ano 2021, baixo a dirección e coordinación de Agustín Ferreira Lorenzo, como seu titor na mencionada asociación.

Por **Adrián Fernández Venade**

A andoriña dáurica é un ave migratoria estival, que podemos atopar en Europa, África e Asia (Fig. 1). As poboacións orientais (Asia) son residentes, mentres que as occidentais (Europa e África) son emigrantes. A andoriña dáurica occidental pasa o verán na área mediterránea e o inverno no noroeste africano, desde Senegal ata Nixeria, fundamentalmente, aínda que chegan a outras zonas máis ao leste, como o Chad e Eritrea. (Cramp, 1988). Dende mediados do século XX expandiuse desde en Europa cara ao norte, principalmente por Portugal, España, Francia, Italia, Bulgaria, Romanía e os países da antiga Iugoslavia (De Lope, 1981). A poboación europea nidificante estímase entre 100.000 e 430.000 parellas (Birdlife International, 2004). Na Península Ibérica a súa expansión cara ao norte foi notable tamén desde mediados do século pasado, pasando dunha nidificación dispersa no sur, a ser moi numerosa en gran parte da Península Ibérica. Os últimos datos dispoñibles indican unha poboación mínima de 22.395 parellas reprodutoras en España (De Lope, 2003). Como se pode observar na Fig. 2, a distribución da andoriña dáurica ou ***Cecropis daurica*** é moito maior no sur da Península Ibérica, pero co paso dos anos, esta especie está a ser cada vez máis numerosa no norte.




Fig. 1




Fig. 2

R. posible	%	R. probable	%	R. segura	%	Información 1985-1997	Información 1998-2002
387	18,2	281	13,2	1.454	68,5	103	2.019



Fig. 3




Fig. 4

A andoriña dáurica é un ave de tamaño parecido á andoriña común; ten tamén unha cola longa, pero diferéncianse claramente unha doutra por ter, a dáurica, o obispillo avermellado e un groso colar castaño na caluga, así como o peito completamente branco, adornada cunhas fermosas raias douradas. Pola súa parte, a andoriña común ten na cara e fronte unha gran mancha de cor vermella rodeada de negro e conta cun característico colar negro, o que está ausente na dáurica. En voo, a cor clara da súa gorxa e a parte interior escura da súa cola fana moi difícil de diferenciar para o observador non especializado, da andoriña común.

O niño das dáuricas lembra ao da andoriña de cu branco (***Delichon urbicum***) na súa forma e material, pero conta cunha entrada tubular da que carece o niño desta última.

Normalmente, esta especie non forma grandes colonias de cría, pero son bastante gregarias fóra da estación de apareamento. Na Península Ibérica é estival de marzo a setembro.

En Galicia, máis concretamente no concello de Tui, onde se realizou o presente traballo, esta ave, do mesmo xeito que sucede na Península Ibérica, podémola atopar desde os meses de marzo a setembro xa que é un ave migratoria, pasando o outono/inverno en África.

Obxectivos do traballo:

O obxectivo do presente traballo foi tomar datos da distribución e/ou presenza da andoriña dáurica no municipio de Tui, concretamente a presencia dos seus niños baixo as pontes ou viadutos existentes neste concello, localizados sobre a autoestrada AP-9 ou a autovía A-55. Para poder levar a cabo este traballo, marcáronse todas as pontes existentes no municipio utilizando para iso o Google Maps, tal e como se amosa nas imaxes (Figs. 3 a 6). Unha vez identificadas, foise ata cada unha das pontes para levar a cabo as correspondentes observacións de presenza ou ausencia de niños debaixo delas.

Materiais e método:

a) Materiais:

- Caderno de campo para tomar notas.
- Lapis.
- Cámara de fotos.
- Google Maps para localizar as pontes existentes en Tui.
- Coche para o desprazamento.

b) Métodos:

En primeiro lugar, como xa se mencionou anteriormente, localizáronse as pontes ou


11
12
13
14
CEIP Randufe
Molinos del Tripes
AGRORANDUFE
Asador Paulo
Cruceiro Do Monte
Centro de Saúde de Tui
Catedral de Santa María de Tui
Instalaciones Tudenses Piscinas
Airayal 39
Igrexa de San Bartolomeu de R
Google

Fig. 5


15
16
17
18
19
Baixo miño padel
Gadis Hiper
Lookabeleh
Talleres Quino
Talleres San Telmo
Google

Fig. 6

viadutos de Tui a través de Google Maps. Unha vez realizado este paso procedeuse á mostraxe, fotografáronse cada unha das pontes e observouse se había presenza de niños de andoriña dáurica. No caso de ausencia de niños, anotouse se puidese existir algún inconveniente para que estas aves aniñasen. No caso contrario, se houbese presenza de niños, o primeiro que se fixo foi a toma de fotografías de cada un deles e, a continuación, procedemos a unha observación máis detallada de cada niño así como a conseguinte toma de datos: se estaban activos, destruídos, en construción, etc. No caso de que algún dos niños estivese ocupado, dedicóuselle tempo suficiente para obter anotacións varias, tales como as veces que os adultos frecuentaban o niño, se o niño está en construción ou se hai pitos no interior.

Cabe destacar que nalgunha das pontes foi imposible a toma de datos porque o acceso era imposible, ben porque non se podía parar na autoestrada ou porque era imposible acceder debido á presenza de valos ou por mor de pendentes moi pronunciadas que non facilitaban o acceso.

c) Resultados:

A mostraxe realizouse en 19 pontes ou viadutos distintos. Os datos de cada unha expoñémolos a continuación.

➢ Ponte 1, situada sobre a A-55.

13 de abril de 2021
1 hora de observación (10:00 - 11:00)
Non se achou ningún niño.

➢ Ponte 2, situada sobre a AP-9.

13 de abril de 2021.
30 minutos de observación (11:15 - 11:45).
Atopáronse restos dun niño.

➢ Ponte 3, na AP-9.

13 de abril de 2021.
30 minutos de observación (12:00 - 12:30).
Atopáronse restos dun niño destruído.

➢ Ponte 4, na A-55.

13 de abril de 2021.
1 hora de observación (12:45 - 13:45).
Non se atoparon evidencias de ningún niño.


Ponte 1

➢ Ponte 5, na A-55.

14 de abril de 2021.

1 hora de observación (10:00 - 11:00).

Non se atoparon evidencias de ningún niño, pero cabe destacar que era unha ponte moi longa e debido á imposibilidade de acceder a toda ela non se puido comprobar aa súa totalidade.



Ponte 2

➢ Ponte 6, na A-55.

14 de abril de 2021.

2 horas de observación (11:15 - 13:15).

Atopouse un niño de andoriña dáurica. O niño presentaba unhas dimensións moi grandes. Niño activo, xa que estaba ocupado por unha parella. Nas dúas horas de observación realizadas, a parella frecuentouno un total de 5 veces. O tempo que permanecían no interior do niño comprendía entre os 17 e os 28 segundos.


Ponte 3

➢ Ponte 7, na A-55.

15 de abril de 2021.

30 minutos de observación (10:00 - 10:30).

Non se atoparon evidencias de ningún niño.


Ponte 4

➢ Ponte 8, na A-55.

15 de abril de 2021.

30 minutos de observación (10:45 - 11:15).

Non se atoparon evidencias de ningún niño.


Ponte 5

➢ Ponte 9, na A-55.

15 de abril de 2021

1 hora e 15 minutos de observación (11:30 - 12:45)

Ponte con acceso imposible debido á vexetación existente nas súas dúas beiras. Ante esta situación o que se realizou foi unha observación desde o coche circulando pola A-55. Aparentemente, non había ningunha presenza de niño, pero non se puido corroborar con exactitude.


Ponte 6

➢ Ponte 10, na A-55.

15 de abril de 2021
1 hora de observación (13:00 - 14:00)
Non se atoparon evidencias de ningún niño.


Ponte 7

➢ Ponte 11, na A-55.

16 de abril de 2021
1 hora de observación (10:00 - 11:00)
Tamén con acceso imposible debido á existencia duns valos que impedían o paso.
Visualizouse dende abaixo, circulando pola A-55 e non se viu nada, pero tampouco se puido corroborar a inexistencia de niños.


Ponte 8

➢Ponte 12, na A-55

16 de abril de 2021.
30 minutos de observación (11:15 - 11:45).
Non se atoparon evidencias de ningún tipo de niño.


Ponte 9

➢ Ponte 13, na A-55

16 de abril de 2021.
30 minutos de observación (12:00 - 12:30).
Non se atoparon evidencias de ningún tipo de niño.

➢ Ponte 14, na A-55

16 de abril de 2021.
1 hora de observación (12:45 - 13:45).


Ponte 10

Ponte cun acceso imposible debido á abundante vexetación que estaba a ambos os seus dous lados. Tampouco se puido acceder a ela, realizándose unha mostraxe, sen rexistrar movemento algún, circulando co coche pola A-55.

➢ Ponte 15, baixo a nova construción da autoestrada

19 de abril de 2021.
4 horas de observación (16:00 - 20:00).


Ponte 11

Atopouse un niño de andoriña dáurica con moitísima actividade. As 4 horas de observación dividíronse en dúas horas de observación directa sobre o niño e

outras dúas dos arredores deste.

Nas 2 horas de observación directa, a parella entrou un total de 21 veces, o que nos pode indicar ademais a presenza de pitos no interior. O tempo que permanecían dentro do niño non superaba os 30 segundos, oscilando sempre todas elas entre 15 e 30 segundos.

Nas outras 2 horas de observación dos arredores do niño, podíase ver a esta parella de andoriñas sobrevoar os campos e baixar a eles para capturar insectos ao mesmo tempo que outras dúas parellas desta especie co mesmo comportamento.

➢ Ponte 16, situada sobre a nova construción dunha autoestrada.

20 de abril de 2021.

4 horas de observación (16:00 - 20:00).

Do mesmo xeito que sucedía na ponte 15, nesta tamén foi observado un niño. Igualmente moi activo. Dedicamos 4 horas de observación, dividíndose en 2 horas de observación directa do niño e outras 2 horas de observación dos arredores.

Nas 2 horas de observación do niño, a parella entrou neste un total de 11 veces. Este resultado pode indicarnos presenza de pitos no interior, pero non é tan elevado como o niño da ponte 15. O tempo que permanecían dentro do niño oscilaba entre os 12 e 26 segundos.

Nas seguintes 2 horas de observación, comprobáronse os arredores do niño onde se viu a esta e a outra parella sobrevoar os campos. Estoutra parella podería ser a do niño da ponte 15 xa que ámbolos dous niños están a poucos metros de separación un do outro, non máis de 200 metros.

➢ Ponte 17, situada baixo a nova construción da autoestrada.

21 de abril de 2021.


Ponte 12


Ponte 13


Ponte 14


Ponte 15


Ponte 16

30 minutos de observación (16:00 - 16:30).
Non se atoparon evidencias de ningún tipo de niño.

➢ Ponte 18, na A-55

21 de abril de 2021.
30 minutos de observación (16:45 - 17:15).
Non se atoparon evidencias de ningún tipo de niño.

➢ Ponte 19, na A-55

21 de abril de 2021.
30 minutos de observación (17:30 - 18:00).
Non se atoparon evidencias de ningún tipo de niño.

Unha vez finalizadas as observacións nas distintas pontes, realizouse outra mostraxe, entre os días 26 e 30 de abril, nas pontes que anteriormente non estaban sinalizadas: pontes 20, 21, 22 e 23. Ademais, tamén se repetiu a observación nas 3 pontes que presentaban niño. En todas as que se observaron a maiores, a maioría delas preto do Outlet de Tui, non se atoparon evidencias de ningún tipo de niño.

A continuación, móstrase unha gráfica a modo de resumo da presenza ou ausen-


Ponte 17


Ponte 18


Ponte 19



Ponte 20


Ponte 21


Ponte 22


Ponte 23

cia de todas as pontes.



Respecto aos niños previamente identificados, volveuse a realizar outra observación. Nas dúas horas de observación do niño da ponte 6, nas dúas horas de observación as andoriñas entraron un total de 8 veces. No niño da ponte 15, as andoriñas entraron un total de 17 veces e no niño da ponte 16, a parella entrou un total de 10 veces.

Na páxina da dereita móstrase unha táboa na que se recollen os datos das veces que entrou algún dos proxenitores no niño (columna 1) e canto tempo permaneceu dentro del, columnas restantes.

Nela podemos ver que, no niño da ponte 6, a parella entrou 5 veces o primeiro día e 8 o segundo. Onde o tempo mínimo que permaneceron dentro do niño foi 14 segundos e o máximo 28 segundos.

Respecto ao niño da ponte 15, podemos ver que a parella entrou no niño un total de 21 veces o primeiro día e 17 o segundo. O tempo mínimo que permaneceron dentro do niño foi 15 segundos e o máximo 30 segundos.

E, en relación co niño atopado na ponte número 16, vemos que os proxenitores entraron 11 veces o primeiro día e 10 o segundo. O tempo mínimo de permanencia dentro do niño foi de 12 segundos e o máximo 17.

Polo tanto, podemos dicir que o tempo medio no que as andoriñas p
ermanecen dentro do niño oscila entre os 12 e os 30 segundos.

• Conclusións:

A análise dos resultados obtidos neste informe permítenos confirmar a presenza da andoriña dáurica ou *Cecropis daurica* no concello de Tui co asentamento mínimo de 3

RESUMO DO NÚMERO DE VECES QUE ENTROU A PARELLA NO NIÑO E O TEMPO, EN SEGUNDOS QUE PERMANECERON NO SEU INTERIOR

ENTRADA NIÑO	NIÑO PONTE 6		NIÑO PONTE 15		NIÑO PONTE 16	
	DÍA 1 TEMPO (S)	DÍA 2 TEMPO (S)	DÍA 1 TEMPO (S)	DÍA 2 TEMPO (S)	DÍA 1 TEMPO (S)	DÍA 2 TEMPO (S)
1	22	14	19	22	22	18
2	17	26	23	19	20	20
3	25	25	16	26	12	17
4	28	20	28	21	19	13
5	20	16	27	19	26	26
6		23	22	29	15	21
7		19	19	14	20	21
8		23	29	26	26	16
9			27	24	14	25
10			18	20	22	27
11			22	18	17	
12			15	25		
13			17	16		
14			27	20		
15			25	22		
16			30	27		
17			17	15		
18			23			
19			30			
20			20			
21			17			

parellas. Esta expansión cara ao norte de España probablemente atribúase ao cambio climático, pero tamén ás modificacións que experimentou a especie en canto ao uso do hábitat xa que, cada vez con máis frecuencia, instala os seus niños, en detrimento de cortados naturais, en pontes e outras construcións humanas, mesmo habitadas, coma se aumentase a súa antropofilia, aspecto que sen dúbida vese favorecido polo abandono rural (De Lope, 2003), xa que os 3 niños atopábanse baixo pontes construídas polo ser humano.

Un punto por destacar é que 2 dos niños (nas pontes 15 e 16) atopábanse nunha localización moito menos transitada que o resto. Xa que a maioría das pontes atopábanse sobre a autovía ou autoestrada e, con todo, estes dous niños, que ademais eran os de maior actividade, localizábanse baixo o que se converterá nunha nova autoestrada/autovía. O que podería indicar que a parella nidificante escolleu este lugar para a creación do

niño porque se trata dunha zona moito máis tranquila.

En relación cos niños observados, non se puido confirmar o éxito da posta ao non observarse os pitos voandeiros, pero si se viu en dous deles á parella nidificante, entrando e saíndo do niño co que parecían insectos para os pitos e saíndo con sacos fecais. Ademais, púidose observar unha parella a maiores o 19 de abril de 2021, a cal non se lle atopou o niño, pero sospéitase que a súa localización puidese estar nalgunha das casas que estaban ao redor da ponte número 15.

• Bibliografía:

Birdlife International, 2004. *Birds in Europe: population estimates, trends and Conservation status*. (Birdlife Conservation Series Nº 12). Cambridge, Ou.K.

Cramp, S. (ed.) 1988. *The birds of the Western Palearctic*, Vol V. Tyrant Flycatchers to Thrushes. Oxford University Press, Oxford

De Lope, F. 1981. *La invasión de Hirundo daurica Rufula Temm. en la Península Ibérica*. Doñana, Acta vertebrata, 8: 313- 318.

De Lope, F. 2003. *Golondrina Dáurica, Hirundo daurica*. En R. Martí e J.C. Del Moral (Eds): Atlas das aves reprodutoras de España pp. 386-387. Dirección General de Conservación de la Naturaleza – SE. Madrid.



Arriba, andoriña común (*Hirundo rustica*), abaixo, andoriña dáurica (*Cecropis daurica*), obsérvense as diferenzas para unha correcta identificación no campo.

Imaxes extraídas de internet



O presente artigo corresponde ao traballo de prácticas do estudante de Ciclo de Educación Ambiental no CIFP "A Granxa" de Ponteareas, Brais Táboas Castro, desenvolvido durante as súas prácticas externas en ANABAM do 5 ao 21 de maio do ano 2021, baixo a dirección e coordinación de Agustín Ferreira Lorenzo, como seu titor na mencionada asociación.

Por **Brais Táboas Castro**

ENTREVISTAS A PROPIETARIOS DE PALMEIRAS AFECTADAS

Tras realizar varias entrevistas entre algúns dos propietarios das palmeiras desaparecidas no municipio de Tui, pódese ver que a gran maioría de palmeiras atopadas para este estudo non foron tratadas. Isto puido deberse á falta de información ou ben polo custo económico que o seu tratamento suporía.

Naquelas que si foron tratadas, leváronse a cabo tratamentos sen éxito e finalmente tiveron que ser eliminadas. Unha das empresas especializadas na súa eliminación foi "M.R.S. Tracamón S.L.".



Algunhas das entrevistas.

Nunha delas, a propietaria informou de que a súa palmeira fora atacada polo picudo.

Levárase a cabo un tratamento, cuxo gasto económico non recordaba, e o cal non resultou efectivo. Para a eliminación da palmeira ocupouse unha empresa, Tracamón, que a cortou e levou os restos.

➢ Noutra das entrevistas, neste caso a unha propietaria de dúas palmeiras, tamén informou de que ambas foran atacadas polo picudo fai aproximadamente catro anos. Tamén dixo que se efectuaran varios tratamentos, pero sen éxito. O protocolo de eliminación, neste caso, foi diferente, pois as palmeiras foron cortadas e os restos queimáronse na propia casa, o que puido supoñer un risco para a propagación deste insecto, podendo fuxir así algúns dos exemplares adultos.

➢ Outra das entrevistas a unha propietaria dunha palmeira, deixou clara a falta de información existente entre moitos dos propietarios e o incumprimento do protocolo por parte destes e das administracións competentes.

Neste caso a palmeira tamén foi atacada polo picudo, pero non se levou a cabo ningún tratamento por descoñecemento. A palmeira foi cortada, e, como describía a propietaria, o interior desta semellaba esterco. Os restos foron depositados nunha finca próxima, os cales seguen alí hoxe. Isto, claramente, supón un alto risco de propagación do escaravello, que de seguro fíxose realidade.

A propietaria manifestaba, polos comentarios, que alguén, que nunca viu, debía haber vido a buscar os restos. Tamén expresaba desgustada que lle entristecía que a praga do picudo acabara coas palmeiras, por ser, algunhas destas, especies vexetais lonxevas. Contou tamén que un familiar da zona pasara pola mesma situación. Neste caso, as que se perderon foron palmeiras centenarias.

Información persoal sobre o estudo realizado.

Tras elaborar un primeiro traballo en busca de palmeiras no municipio de Tui no ano

2014 utilizando a fototeca dixital, este segundo traballo consistiu en comprobar cales das palmeiras detectadas seguían vivas hoxe en día. Para isto, foi necesario dedicar largas horas percorrendo gran parte do municipio de Tui. Pero antes, utilizando o Google Maps, etiquetáronse todas aquelas zonas onde foran detectadas as palmeiras no ano 2014 para que fora máis doado atopalas ao realizar o traballo de campo.

Para solicitar a información sobre os efectos do picudo vermello nalgunhas das palmeiras desaparecidas, leváronse a cabo varias entrevistas a diferentes propietarios ao longo do municipio.

- Experiencia.

Neste caso, o traballo chegou a ser bastante tedioso, tanto a primeira parte buscando na fototeca dixital todas as palmeiras que había no municipio de Tui no 2014, como esta segunda, na que tiven que etiquetar no Google Maps todas aquelas palmeiras que detectara na fototeca para saber onde dirixirme á hora de facer o traballo de campo por todo o municipio de Tui.

Foron moitas horas camiñando polas parroquias e centro de Tui.

Resultoume bastante asombroso a cantidade de palmeiras mortas que quedaron tras o paso do picudo.

De todo o traballo de investigación que realicei, o que máis complexo me resultou foron as entrevistas. De primeiras, sendo unha persoa tímida xa di moito do que tiven que superar para poder realizalas, pero por outra banda, foi complicado acceder a moitos dos propietarios das palmeiras. Por moito que eu o intentara non me atendían ou por que non



estaban na casa ou por calquera outro motivo. Aínda así, a experiencia entrevistando ás persoas que me atenderon foi boa, superando así os nervios e medos a enfrentarme a esas situacións.

- Opinións.

Como dixen, resúltame sorprendente a cantidade de palmeiras que arrasou o picudo, e claramente non só foi así en Tui, senón que está a acontecer en toda Galicia. O tema xa o coñecía, pois tócame de preto. Un familiar e un veciño meus tamén tiveran que cortar as palmeiras polo picudo, e no CIFP A Granxa, onde estudo, aconteceu o mesmo.

Sendo sincero, que o picudo acabe coas palmeiras de Galicia paréceme un mal menor, pois estas non son especies autóctonas e co cal non alteran os ecosistemas naturais galegos matándoas. Pero por outro lado, entendo que é unha auténtica mágoa que isto ocorra, sobre todo naquelas palmeiras centenarias consideradas históricas. Ademais, non sabemos que podería ocorrer no caso de que o picudo se quede sen palmeiras ás que hospedar. Cal

sería a seguinte especie en caer?...

Bibliografía e webgrafía.

https://www.iotrees.es/el-picudo-rojo/

https://www.lavanguardia.com/natural/20141013/54417864423/plaga-picudo-rojo-escarabajo-invencible.html

https://www.koppert.es/retos/escarabajos/picudo-rojo/

https://www.biobestgroup.com/es/biobest/plagas-y-enfermedades/picudo-rojo-de-las-palmeras-5001/

https://www.rentokil.com/es/blog/picudo-rojo-una-plaga-en -plena-expansion/

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/coruna/coruna/2018/12/05/peligroso-picudo-rojo-detectado-coruna

https://www.tracamon.com/contacto3da1eeca

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/vigo/tui/2015/11/07/picudo-comio-palmera-centenaria-51120151107144688778 1832.

http://www.benicassimcultura.es/ficheros_sw/ad

Citas.


Ferreira Lorenzo, A. (2018). *Efectos do picudo vermello nas palmeiras de A Guarda* ***ANABAM*** (Pontevedra)

Enlace: https://www.anabam.org/EFECTOS%20PICUDO.pdf



ÁRBORES EXTRAORDINARIAS DO BAIXO MIÑO

ALAMEDA DA GUARDA



AXENTE FORESTAL: José Miguel Escanciano Maricalva
AXENTE FORESTAL: Emilio Alonso Gómez
AXENTE FORESTAL: Ricardo Da Silva Diz
FOTÓGRAFO: Luis Dorado Senra
BOTÁNICO: Xesús Ignacio Fernández Alonso

© Luis Dorado

Concello: A Guarda

Lugar: Alameda

Coordenadas Datum WGS 84, huso UTM 29 T: X 511037 Y 4639068

Araucaria

Nome científico: *Araucaria heterophylla.*
Araucaria excelsa.

Nome común galego: Araucaria.

Medidas:

Altura: 30 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,95 metros.

Perímetro a 1,30 m: 3 metros.

Palma canaria (son dúas)

Nome científico: *Phoenix canariensis.*

Nome común galego: Palma canaria.



Medidas:

Altura: 18 metros.

Altura: 11 metros (ao carón da Araucaria).

Diámetro a 1,30 m: 0,63 metros.

Diámetro: 0,62 metros.

Perímetro a 1,30 m: 2 metros.

Perímetro: 1,95 metros.

Palma do Brasil

Nome científico: *Butia capitata.*
Cocos capitata.

Nome común galego: Palma do Brasil.

Medidas:


Altura: 9 metros.

Diámetro a 1,30 m: 0,60 metros.

Perímetro a 1,30 m: 1,90 metros.

Idade estimada das catro árbores : 117 anos.

Outras árbores da Alame-



da: magnolio, ligustrum, catalpa, camelia, criptomeria, árbore do amor, liquidámbar, prunus, cedros.

Data e autor das fotografías: 20-10-2012, Luís Dorado Senra.

Alameda da Guarda

* Debese a construción da Alameda a un dos alcaldes e avogados máis novos da Guarda D. Domingo Antonio Español López.

No ano de 1850 decídese a creación da Alameda con plantación de árbores, sendo a inauguración dous anos despois, no 1852.

Na sesión do 18/11/1894, presidida polo alcalde D. Agustín Sobrino, tratan de: *Alameda de San Pedro (que así se chamaba) na que se presenta un estudio e un plan para reformar a Alameda cambiando o arborado actual por outro máis bonito para toda clase de paseos*.



Na sesión plenaria do 3/03/1895, maniféstase que na semana seguinte daría inicio a plantación das novas árbores. Nunha foto de finais do XIX aparece a Araucaria, nós pensamos que esa foto podería ser de inicios do século XX polo tamaño no que aparece esta árbore e é pouco probable que xa estivese plantada con anterioridade ao ano de 1895; as palmas tamén deben de ser da mesma plantación, xa que noutra foto anterior (a colocación do chafariz na década de 1950), xa aparecen con bo tamaño.

*Datos recollidos dun artigo de José Antonio Uris Guisantes, publicado en www.galiciasuroeste.info, dende aquí queremos felicitalo polo bo traballo realizado e sen o cal esta ficha quedaría incompleta coma unha árbore no outono. Tamén agradecer a Antón Ferreira que nos deu a coñecer o citado artigo.



O alacrán ceboleiro é un insecto común no Baixo Miño pero relativamente difícil de observar debido aos seus costumes de agocharse en acubillos situados baixo terra ou baixo pedras, onde escava túneles.

Vive en prados e zonas areosas ou terrosas, mesmo nos areais costeiros. Os machos emiten sons para atraer ás femias. O seu tamaño chega preto dos 5 centímetros.

Agustín Ferreira L.



COSTA SUR DA GUARDA: O SEIXAL-A SALINA ROMANA E A BIODIVERSIDADE DA INTERMAREAL

Seguimos paseniñamente retomando as visitas guiadas para escolares dentro do ciclo de **EDUCACIÓN AMBIENTAL**, logo de dous anos sen levalas a cabo debido á pandemia. Neste ano van dirixidas exclusivamente a 1º da ESO, agás algunha doutros cursos que estaban comprometidas con anterioridade. Nos meses de marzo e abril realizamos un total de tres visitas centradas coa costa sur da Guarda e relacionadas coa intermareal, a salina romana e a formación do seixal. A primeira das saídas foi co IES A Sangriña (A Guarda; 18/03/2022), e as dúas seguintes co CIPR Rosalía de Castro (Vigo; 05/04/2022 e 19/04/2022), participando un total de 90 alumn@s. Cada unha desas visitas tivo o seu inicio na praia do Carreiro (Porto da Guarda) e rematou nas Salinas romanas do Seixal. Tódolos estudantes tiveron un caderno de traballo, que ían cubrindo coas explicacións dadas previamente e as observacións realizadas *in situ*. Foi un enorme pracer ver o interese amosado por todos eles. Noso agradecemento ao profesorado de ámbolos dous centros que organizaron e acompañaron ao alumnado. Monitor ANABAM: Agustín Ferreira.







Recollido o **PREMIO Á MELLOR ACCIÓN OU ACTIVIDADE DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA** outorgado ao Caderno didáctico titulado *Contaminación fluvial* e editado por ANABAM, da autoría dos membros desta entidade, os biólogos Noé Ferreira Rodríguez e Manuel A. Pombal Diego, e do biólogo, membro da CEMMA, Alfredo López Fernández, correspondente á IV Edición dos Premios de Investigación, Innovación Educativa e Divulgación Científica do Campus Auga, da Universidade de Vigo. O traballo foi desenvolvido no marco do proxecto europeo NORWATER. Na imaxe superior, Manuel A. Pombal (terceiro pola esquerda), que recolleu o premio en representación dos tres autores do caderno. Parabéns a Noé, Manuel A. e Alfredo por seguir aportando éxitos na loita conservacionista e, neste caso concreto, divulgadora de ANABAM.



LIMPEZA COSTEIRA



O sábado 09/04/2022, realizamos a primeira das limpezas costeiras programadas para este ano. Desenvolveuse na costa sur da Guarda, no lugar do Seixal, comezando ás 10:30 horas e rematando arredor das 13:00 horas. Esta acción entra nas actividades desenvolvidas por ANABAM incluídas no Proxecto europeo NORWATER, coordinado na nosa asociación polo biólogo Manuel A. Pombal Diego. Para esta actividade contamos coa participación do CLUB YIDAM de Vigo, participando arredor de 20 alumnos dese centro. O grupo estaba dirixido pola profesora Sandra Gardini Gallo, a quen damos as grazas, xunto co resto dos participantes, -un total de 34 voluntari@s- procedentes de Oia, Gondomar, Coruxo, Vigo e algúns da Guarda que decidiron botar unha man pola natureza.



ANABAM PRESENTOU ALEGACIÓNS CONTRA O PARQUE EÓLICO MERENDÓN

Situado na serra da Groba, a Xunta de Galiza pretende levar a cabo un máis dos varios proxectos eólicos cos que se quere inzar o Baixo Miño. Antes de que rematase o prazo de presentación de alegacións, e aínda que o Goberno autónomo trata de impedir que se presenten alegacións, reducindo ao mínimo o tempo para presentalas cun prazo de só 15 días, conseguimos cumprir co noso obxectivo. A redacción destas alegacións, así como das anteriores presentadas contra o P. E. do Alto da Groba, correu a cargo do biólogo e membro de ANABAM, Noé Ferreira.



O **PROJETO BORRELHO** esténdese este ano, á costa portuguesa, 50 quilómetros máis ao sur do Baixo Miño, chegando ata Esposende, nos arredores da foz do río Cávado, da man da bióloga e responsable da Asociación Rio Neiva, Cristina Nava, e do grupo V.ESP.A, dirixido por Tiago Vouga. O punto de partida do proxecto foi a xuntanza mantida por membros de ANABAM e as persoas citadas anteriormente, encontro que tivo lugar o sábado 2 de abril na praia de Esposende. Un novo desprazamento para manter unha segunda xuntanza e cesión de material pola nosa parte, tivo lugar o 30 de abril.

O **PROJETO BORRELHO**, posto en marcha por ANABAM no ano 2010 na costa norte portuguesa, dá un paso máis e xa é realidade ao longo dun tramo de 50 quilómetros, dende a Foz do Miño ata Esposende. Neste senso, tamén contamos coa colaboración da Capitanía Marítima do Porto de Viana do Castelo que tivo a xentileza de publicar o Edital, con data 18 do pasado mes de abril, no que se da conta da obrigatoriedade de respectar os elementos de protección colocados para protexer o borrelho. No proxecto interveñen directamente tres entidades portuguesas: CMIA -Centro de Monitorização e Interpretação Ambiental- (Viana do Castelo), que se sumou ao proxecto no ano 2016, e neste ano, a Associação Río Neiva (Esposende) e V.ESP.A - Voluntários de Esposende para o Ambiente-, ademais de ANABAM. Conta co apoio institucional das Cámaras de Caminha, Viana do Castelo e Esposende; das Capitanías do Porto de Caminha e Viana



do Castelo e do Parque Natural do Litoral Norte - ICNF.

Lembramos que ANABAM foi pioneira nos Estados español (ano 2000) e portugués (ano 2010) en poñer en marcha medidas prácticas de protección da píllara/borrelho ao ser unha das aves máis ameazadas que temos na Península Ibérica. Catorce anos despois do comezo da campaña, no 2014, a Xunta de Galicia aprobou un plan de conservación desta especie.

Nestes dous meses do proxecto, o resultado é o seguinte: 2 niños na zona comprendida entre a Foz do Miño e a praia do Forte de Paçô, dependentes de ANABAM; 12 niños na zona de Viana do Castelo, dependente do CMIA; 6 niños na zona de Esposende, dependentes da Asociación Río Neiva e V.ESP.A. En total, no norte de Portugal, 20 niños protexidos polo de agora.



APUNTES DA NOSA HISTORIA

AMIAL DO ARÃO

(VALENÇA DO MINHO)



A Veiga da Mira, é unha zona húmida situada a carón do Miño, entre as feligresías do Arão e San Pedro da Torre, ao sur de valença do Minho, á que pertencen as mesmas. Este humedal converteuse nun dos lugares emblemáticos da marxe portuguesa para ANABAM.

Acudimos a este lugar por primeira vez o 23 de febreiro do ano 1991, alertados polos colegas de COREMA, asociación de Caminha, e da alarma suscitada nalgún medio de comunicación valençiana, por posibles impactos no humedal, xa que se pretendía destinar o 50 % do humedal a agricultura.

Luís Dorado, Antón Ferreira, Raúl Gómez e Fátima Márquez, foron os membros de ANABAM que inauguraron as nosas, posteriormente, habituais visitas a este lugar, acompañados por membros da citada COREMA, ademais do enxeñeiro Adolfo Macedo, do Servizo Nacional Portugués de Parques, e Carlos Santos, enxeñeiro e técnico do Ministerio de Agricultura portugués. A verdade que quedamos sorprendidos por este espazo en parte dedicado a campo de millo, obxecto de actividade cinexética, refuxio de numerosas aves na súa case impenetrable zona encharcada ou pola paisaxe en si mesma.

Como anécdota cabe sinalar que a primeira visita foi en certa maneira, accidentada, ao quedar o todoterreo no lameiro formado (foto superior), polo que foi necesario contactar cun paisano que dispoñía dun tractor para poder sacalo.

A partir de esa data, xa foi habitual realizar un mínimo de seis visitas á zona, algunhas saíndo do local de ANABAM ás seis da mañá para pasar o día no Amial, co fin de tomar datos da biodiversidade.



INDICE

3.-**Os cuncheiros de Santa Trega**…….... Antón Ferreira Lorenzo.

10.-**A Guarda ruta das cetarias**…….. ….Agustín Ferreira Lorenzo.

16.-**Presenza da andoriña dáurica (*Cecropis daurica)*) en Tui**……...Adrián Fernández Venade.

29.-**Efectos do picudo vermello nas palmeiras de Tui**…….....Brais Táboas Castro.

33.-**Árbores extraordinarias do Baixo Miño**… Varios autores.

37.-**Cousas de ANABAM**.

37.-Visitas guiadas para estudantes.

38.-Premio ao caderno didáctico.

39.-Limpeza costeira.

40.-Alegacións ao P.E. Merendón.

41.-Projeto Borrelho.

45.-O Amial do Arão (Valença do Minho).

ALGÚNS DOS PROXECTOS E ACTIVIDADES QUE DESENVOLVEMOS

-Censos de aves acuáticas no Esteiro do Miño (de setembro a marzo).

-PROJETO BORRELHO, nas praias do norte portugués (de abril a xullo).

-Censo de niños e pitos de gaivota patiamarela na Guarda (de finais de abril a agosto).

-Censo de niños de andoriñas no Baixo Miño (de abril a xullo).

-Recuperación e/ou reintrodución de especies ameazadas.

-Visitas guiadas:

-Ornitoloxía(Esteiro do Miño).

-Intermareal (A Guarda).

-Salinas (A Guarda).

-Etc.

-Rescate de fauna silvestre.

-Recollida datos de fauna atropelada.

-Rescate e cría de pitos de gaivota.

-Medidas de protección de flora e fauna.



LIMPEZA MECÁNICA DA PRAIA DE CAMPOSANCOS

Sabías que dende o ano 2001, conseguimos que fose erradicada a limpeza mecánica da praia de Camposancos, logo dun acordo acadado entre o Servizo Provincial de M.A. da Xunta de Galicia e o Concello da Guarda, para evitar que seguiramos adiante cunha denuncia por o impacto producido nunha desastrosa actuación do citado concello?

AS PERSOAS INTERESADAS EN PUBLICAR ARTIGOS NESTE BOLETÍN PODEN DIRIXIRSE A ANABAM POR CORREO ELECTRÓNICO OU WHATSAPP.

OS ARTIGOS TEÑEN QUE TER RELACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA COA BISBARRA DO BAIXO MIÑO, DANDO PREFERENCIA A AQUELES QUE TRATEN ASUNTOS DE NATUREZA E MEDIO AMBIENTE